

## DECRETO

**ILMA. SRA. DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruído expediente relativo á proposta de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria, así como da aprobación do gasto do CONCURSO/EXHIBICIÓN “O CORAZÓN DE LUGO 2020” orientado a exhibición de ideas para a realización dun mural que visibilice o Lugo social

E tendo en conta:

- Informe proposta da área de Servizos Sociais da Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores do 25 de novembro de 2020 conformado pola Concelleira Delegada.

- Informe da Contabilidade de orzamento do 24 de novembro de 2020, onde se pon de manifesto que existe saldo de crédito dispoñible e debidamente retido para o desenvolvemento das actividades previstas nas bases reguladoras do concurso.

Por todo o anteriormente exposto, no uso das atribucións que confire ó Excmo. Sr. Alcalde o artigo 124.4 g) e ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a normativa específica de aplicación, e en virtude de delegación da Alcaldía segundo o Decreto número 19005684 do 1 de xullo de 2019, modificado polo Decreto número 19005695 do 3 de xullo de 2019,

## RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras do “CONCURSO /EXHIBICIÓN O CORAZÓN DE LUGO 2020”, concurso/exhibición de ideas para a realización dun mural que visibilice o Lugo social.

### “BASES DO CONCURSO/EXHIBICIÓN O CORAZÓN DE LUGO 2020”

O Concello de Lugo, a través da Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, e a Federación de asociacións de ámbito social de Lugo (FADAS Lugo), convocan un concurso/exhibición de ideas para a realización dun mural que visibilice o Lugo social.

Dito concurso rexeráse polas seguintes bases:

PRIMEIRA.- OBXECTIVOS que marcarán a temática do concurso:

1. Realizar unha actividade dinamizadora para **visibilizar** o traballo realizado polas asociacións que forman o Terceiro Sector de Acción Social de Lugo.
2. **Sensibilizar** á cidadanía sobre o labor do voluntariado que existe nas asociacións

de ámbito social.

3. **Fomentar** a arte urbana.

#### SEGUNDA. - REQUISITOS PARA CONCURSAR.

1. Poderá participar toda persoa interesada a partir dos 16 anos (as e os menores de 18 anos, deberán presentar unha autorización asinada polo pai/nai/titor ou titora legal).
2. Poderase facer a inscrición de forma individual ou en grupo. Neste último caso traballarase nun só mural.
3. Os traballos deben axustarse aos obxectivos da convocatoria e aceptarse un só bosquexo por participante individual/grupo.

#### TERCEIRA.- INSCRICIÓN, PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES E ENVÍO DE BOSQUEXOS

1. A inscrición será gratuíta. As persoas interesadas deberán completar o seguinte formulario de inscrición: <https://cutt.ly/MgDu31p>
2. O prazo abrirase o día 9 de decembro de 2020 ás 09:00 horas e finalizará o día 15 de decembro ás 14:00 horas.
3. Envío de bosquejos:
  - a. Cada persoa participante ou equipo de participantes inscritos presentará un único bosquexo a cor.
  - b. Os bocetos serán enviados en formato pdf e jpg por correo electrónico a [concursolugosocial.concellodelugo@gmail.com](mailto:concursolugosocial.concellodelugo@gmail.com).
  - c. Os bosquejos deberán especificar: nome da autora ou autor, técnica e título; así como os materiais que se utilizarán para a súa execución se o bosquexo é seleccionado para a etapa da exhibición.

#### CUARTA.- XURADO

O xurado estará composto, garantindo a igualdade de xénero, por:

- Un/unha representante da área de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores do Concello de Lugo
- Un/unha representante de FADAS Lugo

- Un/unha representante da Escola de Arte Ramón Falcón
- Invitados/as especiais

O xurado preseleccionará 10 obras e terá en conta á hora da selección os seguintes criterios:

- **A calidade artística do traballo presentado**
- **Adecuación á temática do concurso**
- **Orixinalidade e creatividade da obra**

Dentro destas 10 obras, o xurado elixirá as 3 que serán ás que correspondan ao primeiro, segundo e terceiro premio do concurso por maioría das persoas integrantes do xurado, que se reunirá entre os días 16 e 17 de decembro de 2020, podéndose declarar deserto no caso de que o xurado considere que os traballos presentados non alcancen o nivel de calidade suficiente ou sexan insuficientes. Os ganadores ou gañadoras deberán comprometerse a executar o traballo.

A lista de obras preseleccionadas e as tres gañadoras faranse públicas o día 18 de decembro de 2020 na web do Concello de Lugo, [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal), e a través das redes sociais do Concello e de FADAS Lugo.

#### QUINTA.- PREMIOS

A Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores outorgará os seguintes premios:

**1º premio:** 1.000 euros e realizar a obra nun muro dun edificio municipal ou espazo público, que decidirá a propia Concellería

**2º premio:** 500 euros

**3º premio:** 200 euros

*O importe dos premios quedará suxeito ás retencións fiscais que marque a Lei.*

Ao resto de obras preseleccionadas, FADAS concederalle un vale de compra de materiais por valor de 100 euros.

Todas as obras preseleccionadas expóranse nas redes sociais do Concello de Lugo e de FADAS Lugo, coa expresa mención das e dos autores e do concurso *O corazón de Lugo*

2020.

A exposición en centros de convivencia e/ou casas de asociacións, estará suxeita á evolución da situación sanitaria e as restricións de cada momento.

#### SEXTA.- EXHIBICIÓN E EXECUCIÓN DO BOCETO GAÑADOR NA VÍA PÚBLICA

O bosquejo gañador executarase nun mural nun edificio municipal/espazo público, seguindo indicacións da Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, preferiblemente ao aire libre, con todas as medidas de seguridade e hixiene e respectando as restricións sanitarias vixentes ese día.

#### SÉTIMA.- DISPOSICIÓNS FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo e a autorización dos seus datos persoais para o fin que consta na convocatoria.

Os bosquejos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo e as e os autores darán consentimento para poder difundilos ou divulgalos, total ou parcialmente, coa obriga de mencionar a autoría.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que serán publicadas en [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal), será resolta pola organización; sen prexuízo de que poidan sufrir modificacións dada a situación sanitaria actual.

#### INFORMACIÓN DE UTILIDADE: ÁREA DE ACTUACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE ACCIÓN SOCIAL, QUE FINANCIAN O CONCELLO DE LUGO

*Cooperación ao desenvolvemento, comercio xusto, poboación inmigrante, diversidade cultural, crecemento e empoderamento persoal, infancia, igualdade (muller), vítimas de violencia de xénero, persoas con adiccións, persoas reclusas ou ex reclusas, dependencias de substancias, voluntariado, ámbito da saúde, socio-laboral, discapacidade e diversidade, identidade de xénero e orientación sexual, emerxencia social e desenvolvemento rural.*

SEGUNDO.- Proceder a convocatoria do referido concurso a través da páxina web do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.700 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23150.48101 do vixente Orzamento Xeral para dar cobertura aos premios establecidos nas bases do concurso.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ás dependencias e aos servizos municipais afectados. Cúmprase.